



## Microrrelatos

Que?: relato curto e preciso que pretende sorprenden, buscando un lector activo que teña que ir pensando todo, porque ó ser tan breve non se di todo claramente.

Quedoulle chantada no medio e medio da fronte. Condenadas bombas, repetía a nai na sala de espera, para que as seguirán botando? Xusto foi mirar o neno cara a arriba e unha daquelas canas caeu coma un lóstrego para atravesarlle os osíños a se formar. Levalo ao hospital, imposible: calquera desprazamento pode resultar mortal. Urxe facer algo. No centro de saúde da vila apenas hai medios nin materiais, pero contra os prognósticos máis agoireiros o médico de garda extrae a cana sen causar dano ningún. Cando veñen con meniño de volta, malia a vendaxe aparatosa a familia respira aliviada. O sorriso franco do celador. O doutor Fontán, que é un artista. O noso anxo de garda. Nin marca lle vai quedar, xa verá. Xusto entre os dous lóbulos, un caso entre mil. A nai quere entrar para bicar as mans do salvador. Ao chegar á porta fica inmóbil. Desde o instituto non o viu máis, pero non ten dúbida: Estevo bóla de sebo. Fontán cu de marrán. Oink, oink, oink. A vergoña pódelle máis que o desexo de agradecer o milagre. Morde os beizos con rabia, aperta o fillo no colo, dá volta e regresa onda o resto da familia.

(Héctor Cajaraville)

Todo o mundo o sabía mais ninguén dixo nada, e o que o dixo non fixo nada.Pasou. Como cada ano por esas datas, ou por outras, que tanto ten;porque todo o mundo o sabía, pero deixárono pasar.Pasou. Como pasan os días, as estacións, os anos e coma tantas outras veces nas que o sabíanpero ninguén dixo nada, e o que o dixo non fixo nada.Pasou. Como tiña pasado. Todos o sabían, todos o sabiamos,pero ninguén dixo nada, e o que o dixo non fixo nada.Pasou. Tal e como seguirá pasando. Todos o saben, todos o sabemos,pero ninguén di nada, e o que o di non fai nada.Pasou. E agora a xente fala, falaban xa antes? Non importa,porque todo o mundo o sabía; todo o mundo o sabe, todo omundo o seguirá a saber; mais ninguén fixo nada, ninguénfai nada e ninguén fará nada.E cando pase, que pasará, arderemos por dentro;coma arde fóra. E haberá manifestacións, homenaxese honras; e todo serán boas intencións,promesas e novas.Pero pasarán os días, as estacións, os anos ecoma tantas outras veces alguén dirá algo, peroninguén fará nada.

(Ceres Serea)

Que todo volva ser coma antes, di a fada madriña axitando a súa variña máxica. Os libros retornan aos seus andeis, o chan seca e os centos de cristais esparexidos vólvense xuntar, como por encantamento, reconstruíndo unha botella. Mamá reincorpórase e a botella voa polo aire ata a man de papá, que sae pola porta para non volver xamais.

(Nee Barros)

Só teño unha hora. Todo o meu corpo ponse a lume de biqueira, corro, salto, brinco, río, enfádome, botonazo por aquí, por alá... Acabouse! Dinme dende a cociña... caio esgotado e suado no sofá... Ata o sábado non volvo a ter unha hora de consola. Que inxustiza!

(Teo Alonso)